

Terceira Asemblea da Plataforma Tecnolóxica Galega de Loxística

Loxisga presenta en Santiago a súa Axenda Estratéxica de Investigación

A Plataforma Tecnolóxica Galega de Loxística (Loxisga) presentará o mércores, 28 de abril, ás 17:00 horas no Hotel Torres de Compostela, en Santiago de Compostela, a súa Axenda Estratéxica de Investigación no marco da celebración da súa terceira Asemblea.

O presidente de Loxisga, Xoán Martínez Reboredo, presentará a Axenda Estratéxica como documento guía do sector durante os próximos anos e nos que se define o marco estratéxico e as áreas prioritarias para o desenvolvemento das actividades de I+D+i promovidas pola Plataforma. O documento, logo de facer unha análise das actividades empresariais de loxística e transporte de mercadorías no contexto da UE, España e Galicia e dos principais retos estratéxicos para a dinamización da innovación no sector, sinala 5 áreas prioritarias que se corresponden cos cinco grupos de traballo creados no seo da Plataforma, coas respectivas liñas estratéxicas de I+D+I. Estas cinco áreas están centradas nas *Tecnoloxías e procesos internos para a optimización de recursos (OPINTERNA)*, *Tecnoloxías e procesos de xestión e información para unha loxística integrada (LOXINTEGRA)*, *Tecnoloxías específicas de servizos de almacenaxe (ALMATEC)*, *Equipamento e novos materiais para a mellora da eficiencia, a seguridade e a redución do impacto ambiental (EQUEMAT)* e *Equipamentos e servizos de infraestruturas loxísticas para a mellora da mobilidade e o impulso da intermodalidade (INFRALOX)*.

A continuación, Álvaro Gómez Vieites, Profesor Asociado da Escola de Negocios Caixanova e Director do Programa Executive MBA presentará un estudo de Vixilancia Tecnolóxica que identifica e analiza as novas tecnoloxías que poderán ter un impacto nos procesos e no desenvolvemento de negocios das empresas do sector loxístico e unha relación de proxectos de I+D+I de especial interese para as actividades loxísticas realizados nos últimos anos na UE.